

Algunhas consideracións sobre a evolución do vocalismo en galego e portugués

Ramón Lorenzo

Coa fragmentación do latín foron xurdindo na Romanía unha serie de variedades dialectais e no Occidente da Península Ibérica conformouse unha peculiaridade lingüística diferencial, común á Galicia actual, a todo o N. de Portugal e á parte máis occidental de León e Asturias, ocupando máis ou menos a zona que comprendía a *Gallaecia* prerromana. Esta lingua, considerada desde o punto de vista histórico, deberase chamar galego.

Nos primeiros séculos existe unha unidade política no Occidente e con García I (1065-1071) témo-lo primeiro rei da Galicia primitiva, é dicir, do territorio galego e mais de toda a zona reconquistada ó S. do Miño ata aquel momento. Se os reis de Castela Sancho II e Afonso VI non o impedisen, posiblemente desde o século XI Galicia e Portugal camiñarían xuntos formando unha unidade político-cultural. O trágico foi que estes reis interpuxéronse no noso destino común, abrindo unha fenda que non se puido despois eliminar.

O rei Afonso VI, que non lle permitiu a seu irmán García continuar sendo rei, foi o causante da definitiva separación política da Galicia de aquén e de alén Miño. Polo Sur do Mondego sempre había problemas cos árabes e os nobres galegos seguían pondo dificultades ó poder centralizado en Castela. Por iso Afonso VI enviou no a. 1090 a súa filla dona Orraca e a don Raimundo de Borgoña, con quen estaba casada, como condes de Galicia, para que defendesen a fronteira contra os mouros e pacificasen o reino. Non contento con isto, por non ter conseguido os resultados esperados, en 1093 decidiu separa-lo noso reino, deixando a Orraca e a Raimundo nunha Galicia reducida ás fronteiras actuais e creando co resto do territorio galego o Condado de Portugal para a outra súa filla, dona Tareixa, casada con Enrique de Borgoña. O novo condado pasa a te-la capital en Braga. Desta maneira, desde o a. 1093 establécese a fronteira política definitiva no Miño, esta vez non entre a comunidade cristiá e a musulmana, senón rompendo en dúas partes unha comunidade xeográfica e cultural que falaba a mesma lingua. Galicia, que desde a época prerromana tiña unha dobre vertente territorial, ás dúas bandas do Miño, queda cortada en dúas metades.

A partir deste momento a historia política desenvolverase desde posicionamentos diferentes. É certo que a comunicación entre o condado portugués e o galego non se rompe, pero estará marcada sempre por unha competencia e mesmo por loitas. Os nobres galegos e os agora chamados portugueses están emparentados e resulta normal que haxa relacións estreitas entre eles, o que pasa é que a separación política leva a que se produzan constantes interxerencias entre as dúas bandas do Miño, e non sempre triunfa a harmonía.

Cando Galicia queda dividida en dúas metades desde o punto de vista político, non se rompe a unidade lingüística e a lingua continúa sendo a mesma, é dicir, o galego; pero cada vez máis, a partir da segunda metade do séc. XII, a política portuguesa vaise trasladando cara ó Sur. A capital establécese en Lisboa e pouco a pouco o novo reino vai impondo tamén a súa propia maneira de se expresar: a lingua de Portugal pasará a se-lo portugués, non o galego. Os portugueses, polo feito de constituíren un reino, de teren un rei e unha corte, poden ir adquirindo cada vez máis conciencia lingüística diferencial. Os reis protexen a lingua e pasiño a pasiño esta lingua, xa considerada portugués, vaise pulindo e acadando un grande nivel cultural.

En Galicia pasa todo o contrario. Hai un reino sen rei, non hai unha corte que potencie a lingua. Na época de grande esplendor de Compostela, no séc. XII, a literatura facíase en latín e, cando aflora a literatura en lingua romance no séc. XIII, Galicia xa está sometida ó reino de Castela. Tivo a sorte de que a poesía trobadoresca adquirise unha grande importancia desde moi cedo e se desenvolve nunha época en que a lingua aínda era bastante igual ás dúas bandas do Miño e de que mesmo trobadores estranxeiros, como o propio rei de Castela Afonso X, se servisen do galego para a súa produción poética. Era un comezo prometedor e excepcional, que puña os alicerces para un desenvolvemento da lingua romance, pero foi unha grande ocasión perdida, debido a que a situación política non axudou. Necesitábase unha corte na que se collese unha verdadeira conciencia nacional e se potenciase a lingua, con producións propias e numerosas traducións. Ó non se dispor deste elemento esencial, a conciencia diferencial sempre se viu refreada.

Malia estas pexas, a lingua escrita tratou de se abrir camiño e traducíronse libros ó galego, e mesmo libros fundamentais, como a *Crónica Xeral e a Crónica de Castela*, a *Crónica Troiana*, os *Miragres de Santiago*, unha parte da *Xeral Estoria* ou das *Partidas*. Tamén a maior parte da documentación medieval dos mosteiros, concellos, etc. está en galego. Durante séculos o galego resistiu como lingua escrita xurídico-administrativa, aínda que con pouco cultivo literario.

A separación política trae como consecuencia que, desde que se comeza a escribir en romance, no territorio galaico-portugués non haxa unha único centro de irradiación cultural. As normas de Lisboa poden chegar, aínda que con retraso, ó N. de Portugal; mais detéñense no Miño e non se impoñen en Galicia, que, en moitos aspectos, adopta unha actitude máis conservadora. Así, nun principio temos unha norma gráfica común, como se pode ver no *Cancioneiro da Ajuda*, no manuscrito *Vindel* ou nas *Cantigas de Santa María*. Despois, cando Afonso III ordena a reforma ortográfica, esta imponse primeiramente no centro-sur e máis tarde no N. de Portugal, mais en Galicia continuou durante toda a Idade Media a norma primitiva.

Se pasamos ás cuestións fonéticas, tampouco podemos falar dunha unidade total. No paso do latín ó romance, a evolución fonética pasou por diversas fases e nos textos primitivos podemos ver pluralidade nos resultados. Hai palabras que nun principio presentan diversas formas, xunto a outras que desde sempre teñen unha única solución. Tanto en Galicia coma en Portugal un tanto por cento moi elevado das evolucións fonéticas son idénticas e únicas. Agora ben, hai unha pequena parte delas que seguen un camiño diverxente e que constitúen o xerme da separación posterior das dúas comunidades lingüísticas. Ó non haber unha unidade política nin un centro director común, estas pequenas diferencias primitivas, en lugar de desapareceren, van cada vez máis en aumento, ata chegar a unha separación fonética moi acusada. É de supor que se a capital portuguesa continuase en Braga, como na época dos suebos e de García I, e non houberse unha ruptura política medieval, esta separación fonética sería inferior ou mesmo non existiría. Como esa unidade desapareceu, xa desde o século XIII podemos ver certas variantes e desde sempre se recoñece unha pequena separación entre as dúas zonas, como nos di Nunes de Leão:

"...& a lingua de Castella, & das de Galliza & Portugal, as quaes ambas eraõ antigamente quasi hũa mesma, nas palauras, & nos diphtongos, & pronunciaçãõ que as outras partes de Hespanha não tem. Da qual lingua Gallega a Portuguesa se auentajou tanto, quãto na copia & na elegãcia della vemos. O que se causou por em Portugal hauer Reis, & corte que he a officina onde os vocabulos se forjaõ, & pulem, & donde manaõ pera os outros homẽs, o que nunqua houue em Galliza"¹.

Admitindo, pois, unha certa separación lingüística entre as dúas comunidades, debemos ter en conta que, nun principio, a penas se entrevé. Nótase máis a medida que avanza os séculos: pouco no XIII, máis no XIV e no XV. No paso do latín ó romance temos moitas veces unha forma común primitiva ó N. e ó S. do Miño, polo que deberíamos esperar unha igualdade no tratamento posterior; e non foi así, porque as dúas comunidades decidiron tomar camiños diferentes, sendo na maior parte dos casos o portugués o que se desviou da situación primitiva común; é dicir, o galego móstrase moitas veces conservador, non alterando o estado arcaico, e o portugués pasa a ser innovador.

¹ *Origem e orthographia da lingua portugueza* por Duarte Nunes do Leão. Nova edición correcta, e emendada, conforme a de 1784, Lisboa, Typographia do Panorama, 1864, pp. 20-21; Duarte Nunes de Leão, *Origen da língua portuguesa*. Quarta edición, conforme a primeira com estudo preliminar e anotações de José Pedro Machado, Lisboa, Pro Domo, 1945, p. 244. Cf. máis adiante: "Os diphtongos ... que temos communs com os Gallegos, cuja lingua & a nossa era toda quasi hũa" (ed. 1864, p. 84; ed. 1945, p. 315).

A continuación vou comentar algunhas evoluciónns que se deron no vocalismo, indicando esta peculiaridade conservadora do galego e mostrando como en numerosas ocasións os cambios cara á solución moderna xa comezan ou mesmo se impoñen na propia época medieval.

1. O ditongo [ej].- Nunha serie de combinacións chegouse en romance ó ditongo *ei*: FACTU > *feito*, LACTE > *leite*; TAXU > *teixo*, SAXU > *seixo*, FASCE > *feixe*, JANUARIU > *janeiro*, AREA > *eira*, GLAREA > *leira*, MATERIA > *madeira*, CASEU > *queijo*, MAGICU > *meigo*, INTEGRU > *enteiro*, CANTAUU > *cantei*, LAICU > *leigo*, PLACITUM > *preito/pleito*, HABEO > *hei*, PISCE > *peixe*, STRICTU > *estreito*, DIRECTU > *dereito*, etc. (Maia, 1986, pp. 534-547).

Se nos fixamos na información que nos fornecen os documentos latinos, podemos ver que xa no séc. X se chegara ó resultado romance *-ei-* (*Fréisen* en 907, *Ameixenedo* 922, *Veiga* 961), por máis que neste século aínda se poida documenta-la forma anterior con *-ai-*, como en *vaiga* (Lorenzo, 1968, p. 187; Machado, s. v.; Veiga, 1983, p. 63; cf. pp. 61-132).

Xunto ás palabras populares entraron na lingua unha serie de vocábulos cultos ou semicultos nos que atopamos unha evolución retrasada, que vai desde a conservación da forma latina no sufixo *-ARIU* ata a alternancia *-ai-/ei-*. A decisión por unha forma ou outra depende moitas veces da maior ou menor antigüidade das palabras. Hai palabras que sempre presentan a forma culta (*aniversario*, *antifonario*, etc.); outras presentan nos primeiros tempos unha tendencia a chegar ó grao máis evoluído *-air-* e nalgúns ocasións mesmo a *-eir-*, se ben, polo xeral, terminou impóndose a forma máis culta. O estraño é que non sempre os textos do N. e do S. do Miño presentan a mesma casuística. Así, xunto ó cultismo *vicario*, en textos medievais aparecen *vigario* (en toda a Idade Media e aínda hoxe en portugués), *vigairo* (aínda hoxe popular en falares portugueses e galegos) (Taboada, 1979, pp. 60, 78) e *vigaro* (no séc. XIII). A palabra *notario*, máis usual nos textos galegos medievais, que non rexistran, en xeral, *tauelión*, coñécese desde o séc. XIII, alternando con *notairo* (desde XIII ó XVI), xunto ós máis raros *noteiro* (1261) e *notaro*, no séc. XIII (Lorenzo, 1968, p. 259; Maia, 1986, pp. 541-542).

Nalgúns casos o feito de que non se chegase ó grao *-ei-* débese á historia complexa da palabra. Así, no presente de subx. do verbo *saber* temos hoxe como forma normativa *saiba* e non *seiba*. Iso débese a que esta palabra en toda a época medieval presenta unha evolución moi retrasada, pois o normal é que apareza escrito *sábea*, *saba*, *sabia* ou *saibia* (Lorenzo, 1977, p. 1146). A situación polimórfica medieval continúa viva, xa que en Galicia rexistramos hoxe *saiba*, *saba*, *sabia*, *saipa*, *sapia*, *seipa*, *sepia*, xunto a *seba* e *sepa* (ALGa, mapa 350; cf. 209, 217 para *caibo*, *caiba*). No arabismo AD-D'ÂIM os textos galegos presentan na época medieval *andámeo* ou xa o moderno *andamio*. En cambio os portugueses, xunto a *andamio* (medieval e aínda existente na época clásica), crearon a forma *andaimo*

(na *Crónica de 1344*) e finalmente *andaima*, no séc. XVII (Lorenzo, 1977, pp. 122-123). Algo semellante pasa con *RABIA. Na época medieval alternan *rávea*, *ravia* e *raiva*, imponéndose finalmente no portugués a forma *raiva*, mentres que o galego se decide por *rabia* (Lorenzo, 1977, p. 1098-1099)².

Outro caso importante é cando o ditongo está en posición átona, pois hai alternancia no resultado. En moitas palabras chegamos á solución *ei*, como en LACTUCA > *leituga*, LAXARE > *leixar*, MANSIONE > *meixón*, MAJORINU > *meiriño*, etc. Fronte a estes casos, que representan a vía máis popular, achamos unha serie de palabras nas que temos unha evolución máis retrasada, por teren entrado máis tarde ou por outras circunstancias, como en *CAUIOTTA > *gaivota*, SAPIAMUS > *saibamos* (ALGa, mapa 351), TRADITORE > *traidor*, ASCLATA > *aixada*, *BAJULARE > *bailar*, *CAPSEONE > *caixón*, *BASSIARE > *baixar* ou nos galicismos *faisán*, *paisaxe*, *maisón* (ant.). O interesante nestes casos é que xa na época medieval empeza unha tendencia a facer moitas destas formas totalmente populares, mudando o ditongo para *ei*. Así, nos textos medievais alternan con suma frecuencia *traición* e *treición*, esta aínda con bastante uso en textos portugueses do séc. XVI (Lorenzo, 1977, p. 1276). En cambio úsase moito *traidor* (xa no séc. XII), xunto ó raro *treidor* (documentado no séc. XV). Neste caso é máis normal a alternancia coa forma asimilada *traedor* (en textos do XIII-XV) > *treedor* (en toda a época medieval) > *tredor*, moi usada no séc. XVI en portugués (Lorenzo, 1977, pp. 1276-1277). Esta tendencia segue viva na lingua falada, pois en territorio galego alternan hoxe *bailar* e *beilar*, *baixar* e *beixar*, *gaivota* e *gueivota*, *gaiteiro* e *gueiteiro*, *aixada* e *eixada*, *caixón* e *queixón*³. Parece que no N. a tendencia *ai* > *ei* era moi peculiar na época medieval, posto que se documenta con relativa frecuencia, mesmo cando tiñamos un hiato: SALIRE > *sair* > *seir*, SALITA > *saída* > *seída* (igual en *saimento* > *seimento*), *aínda* > *eínda*, PARADISU > *paraíso* > *pareíso*, RADICE > *raíz* > *reíz*, etc.; igualmente no raro *queir* < *caír* (cf. Lorenzo, 1975, p. XXX; Maia, 1986, pp. 338-339). Se isto é así, non debe estrañar que no caso de REGINA a forma típica dos textos galegos medievais sexa *reíña* e non *raíña*, aínda que se documentan as dúas tanto ó N. coma ó S. do Miño (Lorenzo, 1977, p. 1130). É interesante resaltar que nalgunhas palabras, especialmente en toponimia, nas zonas máis orientais pode aparecer desde a Idade Media o ditongo [aj], como en *aira*, *escairo*, etc. (Maia, 1986, pp. 536-538; Taboada, 1979, p. 60; A. Otero, 1977, pp. 21, 99).

A historia do ditongo *-ei-* é complexa e non acaba na época medieval, pois non séculos seguintes seguiu evoluíndo en varios sentidos. No territorio galego,

² Nesta dualidade de evolución pódese chegar a casos paradóxicos, como a diferenza de tratamento entre *BASSIU > *baixo* e BASIU > *beijo*, así como entre *baixar* e *beixar*.

³ No galego máis oriental (zona astur-leonés-zamorana) chega a tendencia [aj] > [ej] a formas verbais como *vai* ou *cantades*, *cantade*, que perderon o -d- (ALGa, mapas 2, 26, 284, 291; Muñiz, 1978, p. 328).

en xeral, unha vez que se chegou ó grao [ej] non houbo alteracións posteriores, se ben é certo que dialectalmente, no galego máis oriental, achamos hoxe o grao [ej] (Muñiz, 1978, pp. 290, 292, 296, 308, 316, 321, 327; García García, 1983, pp. 188, 190, 192, 200, 201, 204, 206, 208; Taboada, 1979, pp. 39-40; ALGa, mapas 6, 272, 342, 343)⁴.

En Portugal foi diferente, xa que en todo o S. (Algarve e Alentejo) e unha faixa occidental da Estremadura temos hoxe a redución [ej] > [e], con algúns puntos que conservan o ditongo cando procede de *kt* (*peito, leite*). O comezo do proceso xa o temos na época medieval (*res* 'reis' en 1391, *forobera* 'Fartobeira' en 1412) (Maia, 1986, p. 540)⁵. Todo o N. e unha parte do Centro conservan o ditongo, representando a capital un illeu de conservación dentro dunha zona de total desaparición⁶. Nas zonas en que se mantén é máis frecuente que apareza como [aj], como en Lisboa, debido a un desexo de autoafirmación, ou polo menos nas formas [ej] ou [ej] (medio), sendo máis raro que apareza como [ej]. Na forma [ej] atópase no falar das clases cultas do S. do país, o que representa unha restauración do ditongo seguindo a ortografía e non responde á pronuncia viva. Na parte centro-septentrional non hai zonas de [aj] opostas a [ej] ou [ej], pois as tres poden convivir na mesma localidade ou en localidades veciñas (Cintra, 1983, pp. 29-30, 39-43, 49, 161; Boléo, 1974, pp. 229-231 e mapas 8, 9; Boléo-Silva, 1962, pp. 99, 100, 101; Vasconcelos, 1901, pp. 108-109; 1987, p. 93; Maia, 1986, p. 534; Silva, 1962, p. 316).

Canto ó Brasil, na área carioca, e quizais na totalidade do territorio brasileiro, tamén se tende á redución a [e] nas palabras paroxítonas: *primeiro*

⁴ Cítase coa vocal aberta na comarca de Ferrol (Porto Dapena, 1977, p. 26), en Feás (Couceiro, 1976, p. 26) e O Grove (Enríquez, 1976, pp. 130, 139), pero non parece que sexan totalmente seguras estas transcricións. No ALGa para a 1ª persoa do futuro temos sempre [ej] (mapas 15, 79, 109, 149, 238, 266, 278, 328, 349). Igual en *cantei, andei, dei, sei* (mapas 6, 200, 223, 347). Só no caso de *cantei, hei, queira* e *queiramos* se recollen algúns puntos con [ej] ou tendencia a abrir (mapas 6, 272, 342, 343).

⁵ Non valen os exemplos *gera, outeru, mostero* e *primero* que C. Maia cita con reservas nun documento de 1296 do mosteiro de Chelas, porque formas deste tipo tamén aparecen en documentos galegos do XIII (a mesma Maia, p. 539, cita varias en 1290). Non é válido dicir que nas formas de Chelas podemos te-lo comezo do proceso de monotongación e que as formas galegas son supostos castelanismos. Cintra, 1983, p. 48, di que a monotongación puido empezar nos séculos XIII-XIV e acentuarse nos fins do séc. XIV e na 1ª parte do XV, cando a poboación do S., especialmente do Alentejo, adquire papel preponderante nos exércitos e na corte de João I.

⁶ Neto, 1963, p. 175, cita a António Feliciano de Castilho, que na 1ª edición do seu *Método de Português* (1850) pon a pronuncia *ei* e na 2ª (1853) muda para *âi* porque lle fan ver que esa é a pronuncia da capital.

[pri'meru], *inteiro* [ĩteru], etc. É xeral esta redución nas camadas populares, mentres que na pronuncia culta pode aparece-lo ditongo (Houaiss, 1958, p. 286). O mesmo pasa en palabras como *feirante*, *cheiroso*, etc. Con todo, debemos ter en conta que esta redución non se dá en ningún caso nas palabras *peito*, *jeito*, *feito*, *maleita*, *desfeita*, así como en *peitar*, *ajeitar* e *desfeitar* (Houaiss, 1958, p. 289; Neto, 1963, p. 176).

2.- O ditongo [ow]. En romance chégase ó ditongo [ow] desde varios puntos de partida. Nuns casos procede do ditongo latino -AU- primario, como en CAUSA > *cousa*, MAURU > *mouro*, CAUTU > *couto*, PAUCU > *pouco*, TAURU > *touro*, PAUSARE > *pousar*, LAURARIU > *loureiro*. Noutros casos o ditongo -AU- é secundario, formándose por metátese de *u*, que pasa á sílaba anterior; por vocalización de *l* en posición implosiva ou por perda de consoante intervocálica: HABUI > *ouve*, HABUIT > *ouvo*, *ouve*, HABUIMUS > *ouvemos*, SAPUI > *soube*, SAPUIT > *soubo*, *soube*, ALTERU > *outro*, ALTARIU > *outeiro*, CALCE > *couce*, FALCE > *fouce*, PALPAT > *poupa*, VADO > *vou*, *DAO > *dou*, CANTAUT > *cantou* (Maia, 1986, pp. 547-556).

3. Ditongos [oj] / [uj].- O ditongo [oj] procede do latín ŌKT ou en casos nos que Ō se combina con *iode*: NŌCTE > *noite*, ŌCTO > *oilo*, *oitenta*, BISCŌCTU > *biscoito*, INTRŌITU > *entroido*, BŌVE > *boi*, PŌST > *pois*, *despois*, MŌRIOR > *moiro*⁷.

Coinciden na evolución as palabras que tiñan en latín ŌRI, ŌRI, que se igualan no resultado ás que tiñan ŪRI: CŌRIU > *coiro*, DŌRIU > *Doiro*, -TŌRIU > *-doiro*, TONSŌRIA > *tesoira*, A(U)GŪRIU > *agoiro*, SALE MŪRIA > *salmoira*, etc.

Para outros casos en que témo-las vocais latinas Ō, Ū en contacto con *iode* non temos unha solución unitaria na época primitiva, posto que depende dos grupos en que se desenvolveu o *iode*. Así, cando había en latín -bj- ou -vj- o máis usual nos textos galegos é que se conserve o grupo sen altera-la posición, mentres que nos textos portugueses o normal é que haxa metátese e se forme un ditongo. Así, na palabra PLŪVIA os textos galegos medievais presentan polo regular a forma *chuvia*, que segue sendo hoxe maioritaria. Xunto a ela pódese atopar máis raramente *choiva*. En cambio nos portugueses é máis normal *chuiva*, que se usou durante séculos e hoxe é dialectal, sendo despois desprazada pola forma monotongada *chuva*, xa documentada na época medieval (Lorenzo, 1977, p. 318). Igual pasa co latín RŪBEU, que presenta no galego medieval a forma *ruvio* (hoxe grafado *rubio*) e no portugués *ruivo*⁸.

O latín CŌGITĀRE presenta xa desde os primeiros textos a alternancia *coidar/cuidar*, de igual maneira que CŌCTA > *coita*, *coitar* e *cuita*, *cuitar* (Lorenzo, 1977, pp. 391-392, 392-393). Para SŌLITĀTE aparécennos *soidade* e *suidade* no séc.

⁷ No caso de COXU > *coxo*, COXA > *coxa* a vocal palatal *i* quedou absorbida pola consoante palatal.

⁸ O latín GŪBLA deu en galego *gubia* e en portugués *goriva*.

XIII. Máis tarde o portugués adoptou a forma *saudade* (séc. XV), analóxica de *saúde*, mentres que en escritores da escola galego-castelá aparece *soedade*. Hoxe no galego literario utilízase o portugués *saudade*, aínda que a forma popular segue sendo *soidade*, coa variante dialectal *suidade*, tamén en portugués dialectal.

O grupo -UKT- presenta nun principio en romance a forma *uit* e o grupo -ÛLT- a forma *oit*, pero axiña se rompe esta distribución e os textos medievais galegos e portugueses alternan entre o resultado *oit/uit*, cunha marcada preponderancia nos portugueses de *uit* e nos galegos de *oit*, tal como corresponde á tendencia que levou á zona S. do Miño a impo-lo ditongo *ui* ou a monotongar e ó territorio do N. a impor maioritariamente a solución *oi*. Vese isto en LUCTA > *loita*, *luita*; LUCTU > *loito*, *luito*; TRUCTA > *troita*, *truita*; FRUCTA, -U > *froit*, -o, *fruit*, -o (Lorenzo, 1977, pp. 669-670); EXSUCTU > *enxoito*, *enxuito*; MÛLTUM > *moi*, *moito*, *mui*, *muito* (Lorenzo, 1977, pp. 885-888; cf. Maia, 1986, pp. 517-518); CÛLTĒLLU > *coitelo*, *cuitelo* (Lorenzo, 1977, pp. 393-394); AUSCÛLTARE > *ascoitar*, *ascuitar* (Lorenzo, 1977, p. 180); VÛLTURE > *voitor*, *vuitor* e outras variantes (Lorenzo, 1977, p. 1330).

Temos, pois, na época medieval unha serie de casos nos que se chegou ó ditongo [ow], outra serie nos que témo-lo resultado [oj] e unha terceira na que alternan as solucións [oj], [uj]. A partir do estadio primitivo prodúcese unha serie de modificacións que alteraron considerablemente a situación primitiva e fixeron que se distanciasen abondo as zonas ó N. e ó S. do Miño⁹.

En Portugal debeu comezar xa cedo a tendencia á monotongación de [ow] > [o], que ocupa hoxe a maior parte do territorio lingüístico, a excepción da zona máis septentrional¹⁰. A monotongación debeu comezar na época medieval. Vasconcelos, 1901, p. 108; 1987, p. 92) cita na *Feira de Anexins* de Francisco Manuel de Melo (1ª metade do XVII) a igualdade entre *ouço* e *osso* e os gramáticos do XVIII tamén falan do cambio. Por iso Révah, 1958, p. 389, coidaba que no séc. XVII aínda era ditongo. Contra isto, Maia, 1986, p. 555 n. 2, cita xa algúns exemplos do Algarve dos séculos XIV e XV. Tamén Cintra, 1983, p. 48, consideraba que puido empeza-lo cambio nos séculos XIII-XIV e acentuarse nos fins do XIV e na 1ª parte do XV, cando a poboación do S., especialmente do Alentejo, adquire papel preponderante nos exércitos e na corte de João I.

⁹ Maia, 1986, p. 560, di que a situación do galego actual é próxima da do portugués, mais a realidade é que non se parece en nada.

¹⁰ Consérvase o ditongo ó N. do Douro. Ó S. deste río a penas hai puntos que o conserven. Só aparece nunha estreita faixa e tamén nunha pequena zona próxima a Lisboa, mais a capital monotonga. Ó N. de Trás-os-Montes como autoafirmación abre en [aw]. Por outra banda, nunha pequena zona da Beira Baixa e Alto Alentejo o resultado é unha especie de vocal labializada: *tóru*, *óru*, etc. (Cintra, 1983, p. 30, 35-54, 39-40, 46-47, 52-54, 160-161; Boléo-Silva, 1962, p. 101).

Neste caso, ó contrario do que pasa con ditongo *ei*, o Brasil coincide co centro-sur de Portugal e monotonga na pronuncia máis espontánea e nas camadas populares (Houaiss, 1958, pp. 287, 289, 293-294).

Outro fenómeno importante do portugués é o cambio en dobre sentido que se deu entre os ditongos *ou* e *oi*. Este fenómeno non se estendeu a todo o territorio lingüístico e só afecta a unhas poucas palabras, sendo tamén coñecido no Brasil (Houaiss, 1958, p. 287). Así, temos, por unha banda, ó lado de *ouro*, *touro*, *cousa* ou *dous*, as formas *oiro*, *toiro*, *coisa* e *dois*. Ás veces a forma con *ou* > *oi* só se documenta rexionalmente. Por outra banda, témo-lo cambio *oi* > *ou* en casos como *coiro* > *couro*, *Doiro* > *Douro*, *agoiro* > *agouro*, *tesoira* > *tesoura*, *vassoira* > *vassoura*, *noite* > *noute*. No Miño, ás veces nas mesmas poboacións (Santo Tirso, Ponte de Lima, Ponte da Barca) coexisten *noite*, *dois*, *coibes*, *oitro*, *oitono*, *noute*, *dous*, *outono* (Silva, 1962, p. 317). Este intercambio entre os dous ditongos comezou xa na época medieval. Formas do tipo *dois*, *Moyros*, *coiza* documéntanse en documentos algarvíos de entre 1332 e 1414 (Maia, 1986, p. 567; cf. pp. 547-568); a principios do séc. XIV cítase "entre *douro* e *minho*"; *couro*, que se impón no séc. XVI, está xa no *Livro de Falcoaria* de Pero Menino (ed. Rodrigues Lapa, Coimbra, 1931, pp. 3.8, 35.8, etc.); *açoytar* nas *Crónicas dos Sete Primeiros Reis de Portugal* (ed. Silva Tarouca, Lisboa, 1952, I, p. 16.18)¹¹. Desde a época clásica vanse impondo as formas modernas, se ben debemos lembrar que Gil Vicente, que utiliza a forma primitiva con *ou*, caracteriza a lingua dos xudeus e doutros personaxes con formas do tipo *coisa* (Moffat, 1948, pp. 161-173; Teyssier, 1959, pp. 204, 209-214; Sletsjõe, 1966, pp. 301-311; Cintra, 1983, p. 51; Maia, 1986, p. 56 n. 11).

O terceiro fenómeno que debemos considerar é a alternancia entre *oi/ui* e o monotongo. En portugués hai palabras que conservan a forma primitiva con *oi*, como é o caso de *oito*, *noite*, *noivo*, *coifa*, *coima* ou *salmoira*. Agora ben, na maior parte dos casos xa na lingua medieval domina a forma co ditongo *ui*: *chuiua*, *ruivo*, *cutelo*, *fruita*, *luita*, *truita*, *mui*, *muíto*, *escuita*, *entruido*, *cuida*. A evolución posterior divide o territorio, pois non hai unha única solución. O máis usual é que se chegue ó monoptongo *ui* > *u*, en casos como *chuva*, *cutelo*, *fruta*, *luta*, *truta*, *escuta*, *entrudo*, etc., mais non en todo o dominio lingüístico, posto que se conserva o ditongo *ui* nunha boa parte do Minho (menos a faixa litoral), no Douro Litoral, parte de Trás-os-Montes (distrito de Vila Real e algumas localidades do distrito de Bragança), parte da Beira Litoral, estreitándose a partir de Aveiro (deixando fóra o distrito de Leiria e a provincia do Ribatexo, con excepción de algúns lugares dos confíns occidentais da Beira Baixa) para rematar no distrito de Portalegre. A forma *chuiua*, moi usual no N., alterna con *chubia* nunha zona compacta da fronteira: Melgaço, Monção, Valença, Vila Nova de Cerveira,

¹¹ Non é válida a forma *noute* que se cita nos cancioneiros, pois a pasaxe está deturpada: no CBN 480 di *noide* e no CV 63 está escrito *noude*.

Paredes de Coura (Boléo, 1974, pp. 225-226 e mapa 6). Permanece o ditongo en *cuidar, mui e muito*, se ben debemos lembrar que existiu a tendencia ó monotongo *cudo, cudar* na lingua escrita (aparecen, por exemplo, en Sá de Miranda), formas hoxe populares (Vasconcelos, 1901, p. 110; 1987, p. 94), e que o adverbio se pronuncia ['mũjtu], chegándose popularmente ó monoptongo ['mũtu], tamén coñecido na expresión popular distensa brasileira (Houaiss, 1958, p. 288).

Fronte a esta situación complexa do portugués, o galego presenta máis uniformidade, aínda que tampouco teña unha solución unitaria. Por unha banda temos en todo o territorio a conservación do ditongo [ow] (*cousa, ouro, mouro, couto, pouco, touro, houbo, soubo, couce, fouce, vou, dou, cantou, dous*, etc.)¹².

O máis probable é que na época medieval se chegase ó resultado [ow], que segue sendo hoxe a pronuncia máis usual en toda Galicia. Con todo é posible que no galego oriental e exterior se conserve desde un principio o grao máis arcaico [ɔw], que tamén se documenta esporadicamente noutros lugares da xeografía galega (cf. *ALGa*, mapas 202, 212-216, 219, 221, 245, 276-277, 282-283, 294, 348)¹³.

Por outra banda temos unha zona compacta, que ocupa as tres cuartas partes do territorio, coa solución [oj] en tódolos casos: *noite, oito, biscoito, coiro, loita, loito, troita, froita, -o, moi, moito, coitelo, escoitar, antruido, agoiro, salmoira, tesoirá, coidar*, etc.¹⁴. O resto do territorio divídese en tres zonas ben diferenciadas. Delas, a máis consecuenta é a zona fisterrá, que impuxo en tódolos casos o ditongo *ui*: *nuite, uito, biscuito, cuiro, luita, luito, truita, fruita, -o, mui, muito, cuitelo, escuitar, antruido, aguiro, salmuira, tesuira, devanduirea, cuidar*, etc. Despois témo-la área SO de Pontevedra, onde se distingue entre os resultados de -ØKT- (*noite, oito, biscoito*) e

¹² Só a forma *ouvro* aparece no galego máis oriental alternando con *autro* (Taboada, 1979, pp. 41, 61). Maia, 1986, pp. 549-550, dinos que no galego hai alternancia dos dous ditongos, cousa que non é certa, inducida a erro por unha aseveración falsa de Carballo, 1970, p. 70, que fala imprecisamente da alternancia *au/ou* coma se fose un rasgo usual do galego. En textos medievais xa aparece *autro* (Maia, 1986, pp. 554-555).

¹³ Cítase sistematicamente [ɔw] na comarca ferrolana (Porto, 1977, p. 26), en Feás (Couceiro, 1976, p. 27) ou O Grove (Enríquez, 1976, p. 133), mais non parece que sexan válidas as transcrisións que presentan estes autores.

¹⁴ É posible que debamos pensar na conservación dun estadio arcaico no galego oriental e exterior, así como nos lugares de Entre-Douro-e-Minho que teñen hoxe o resultado [ɔj] (Santamarina, 1975, p. 308; D. Alonso / García Yebra, 1961, p. 53; Maia, 1986, pp. 389-391; cf. *ALGa*, mapas 309, 314, 361). Cítase sistematicamente a fluctuación [ɔj] / [oj] na comarca ferrolana (Porto, 1977, p. 26) e en Feás (Couceiro, 1976, pp. 26, 46) eponse sempre o ditongo aberto no Grove (Enríquez, 1976, p. 133), mais non nos podemos fiar destas transcrisións. En Verín pronúnciase co ditongo aberto nos lugares máis castelanizados (Taboada, 1979, pp. 40, 89).

os de -UKT-, -ÜLT- ou síncopa (*muíto, truíta, lúita, fruíta, cuitelo, escuítar, cuídár, etc.*) e onde se produce o cambio de ditongo no caso de -ÖRI-, -ÖRI- (*couro, devadoura, vasoura*). Finalmente, na parte oriental do territorio a situación é máis complexa. Permanece o ditongo *oi* cando se trata de -ÖKT-, -ÖRI-, -ÖRI- (*noite, oito, biscoito, coiro, deva(na)doira, agoiro, salmoira, tesoira; tamén antroído*)¹⁵ e só temos alteración no caso de -UKT-, -ÜLT-, para o que non hai unha única solución, posto que se divide a zona en tres partes: unha co resultado *uit* (*lúita, lúito, truíta, fruíta, fruito, muí, muíto, enxuíto, cuitelo, escuítar, etc.*), outra con metátese do *i* á sílaba seguinte (*lutia, lutio, trutia, frutia, frutio, enxutio, cutielo, escutiár, mutio, etc.*) e unha terceira con monotongación (*luta, luto, truta, fruta, fruto, enxuto, cutelo, escutar, muto, etc.*) (cf. *ALGa*, mapas 39, 361). Nas zonas de transición pode haber dobre resultado nalgúñas palabras, como ocorre en Verín, onde se documentan *troíta, loíta*, pero alternan *muíto/moíto, escuíta/escoíta, cuitelo/coítelo* (Taboada, 1979, p. 89; Fernández Rei, 1990, pp. 48-51; Zamora Vicente, 1962-1963, pp. 57-68).

Quédanos por facer unha pregunta. ¿Iniciouse tamén en Galicia unha tendencia medieval ó intercambio *ou > oi*? O máis probable é que non, aínda que se citan unhas cantas palabras que nos mostran a forma *oi*. Así, na *Crónica Xeral* (Lorenzo, 1977, pp. 1270-1272) aparecen, xunto ás formas con *ou* do tipo *trouxe*, etc. (62 casos), algunhas variantes con *oi* do tipo *troixe* (27 casos) e na *Crónica Troiana* temos "et acharō ēna çibdade moy grādes tesoyros, de moyto oyro et de moyta prata et moytas pedras preçiosas et moytas caualos et de moytas dōas" (ed. Lorenzo, A Coruña, 1985, p. 226.11-13).

Maia, 1986, p. 566, cita tamén *enxouto* en 1262 e *oyue* en 1414 e *coida* (pp. 562-568) que o proceso é común ó "galego-português" e que puido ter comezo nas alternancias do tipo *oitubro/outubro, oitavo/outavo, enxoito/enxouto*, aínda que admite que "é possível que inicialmente houvesse uma distinção entre os dois tipos de formas: as formas com *ou* representariam o resultado de uma evolução de carácter culto ou semi-culto, ao passo que as formas com *oi* representariam o resultado tradicional" (p. 564). Despois *coida*, como Moffat, que puido segui-lo cambio coa alternancia nas palabras con -TORIU > (*d*)*oiro* e -ARU > *ouro*, como mostran os exemplos galegos da *Crónica Troiana*, e pasando máis tarde a outras combinacións (en textos galegos *oive* e *enxouto*). Por iso considera que "podem encontrar-se alguns indícios de que a alternância tinha começado a generalizar-se, pelo menos desde o século XIII, em Portugal e na Galiza" (p. 566). Conclúe: "Iniciado, portanto, no período galego-português o processo de flutuação entre os dois ditongos, ele continuará a desenvolver-se ao longo dos séculos seguintes, tornando-se mais amplo e atingindo outros tipos de formas, passando, nalguns casos, essa alternância a estar sujeita a condicionamentos de carácter socio-

¹⁵ Xa dixen que é característico do galego oriental a vacilación que presenta o ditongo entre [oj] / [ɔj]. Posiblemente a pronuncia con aberta está en regresión.

linguístico ou estilístico; outras veces, a escolha de una das dúas formas depende de factores de carácter regional" (p. 568)¹⁶.

En principio, xa resulta algo estraño falar de "galego-portugués" e xeneralizar para unha evolución que se comporta de maneira tan distinta nas dúas comunidades. Amais, non me parece que se poida indica-lo comezo da alternancia *oi/ou* botando man dos exemplos do tipo *outubro/oitubro*, *enxoito/enxcouito*, etc., pois estamos ante palabras que se comportan de dobre maneira: poden entrar coma semicultas (e presentan *ou*) ou coma palabras popularizadas (e, seguindo a regra xeral, presentan *oi*). Isto non ten que ver nada coa alternancia posterior portuguesa, debido a que pasa tanto en textos portugueses coma galegos, e ó N. do Miño mantívose case xeralmente a distinción. Tampouco nos valen as formas do tipo *troixe*, *troixesse*, por *trouxe*, *trouxesse*, que aparecen na *Crónica Xeral*, pois o perfecto latino era TRAXI e no paso ó romance o verbo TRAHERE presenta problemas de evolución (Santamarina, 1974, pp. 44-45), ofrecendo aínda hoxe numerosas variantes para o perfecto, entre elas *troixen*, *troiguen*, *troigue*, *troigo*, *troixera* e *troiguera*¹⁷. Paralela a estas formas debe se-lo caso de *oive* por *ouve*. Canto ás formas *oiro*, *tesoiro* da *Crónica Troiana* non son válidas, por estaren inmersas nunha frase en que se repite sistematicamente a forma *moi*, *moito*. O normal na *Crónica* é que aparezan as formas *ouro* (102 veces) e *tesouro* (16 veces).

Modernamente rexistramos esporadicamente nas falas orientais galegas a alternancia de *loita* e *louta* en Verín, de *noite* e *noute* en Piquín e Suarna, así como *noutarego* e *noitarego*, *noitada* e *noutada*, *noutego* e *noitego*. Nas zonas do galego de Zamora documéntanse, por unha banda, *oiro*, *oiro*, *dois*, *coi* 'couce', *foi* 'fouce' e, pola outra, *noute* e *despous*. En Lubián alternan *foi* e *fou*. Tamén hai casos de *oi* por *ou* na Limia e nos Ancares de León (aquí alternan *dou* e *doi*). Noutras zonas galego-leonesas temos *doi*, *estoi* e *voi*. De forma illada temos *oiro* por *ouro* na Ría de Arousa (Aguíño, A Pobra do Caramiñal), *fou* por *foi* en Boiro (Taboada, 1979, p. 40; A. Otero, 1977, p. 168; Fernández Rei, 1990, p. 51; D. Alonso-García

¹⁶ Tamén Cintra, 1983, pp. 44-46, 49-52, coidaba que puido empezar por *-ouro* < -AURU, igualado a *-oiro* < -TORIU, e despois propagarse a outros casos. O factor decisivo na expansión de *oi* tería sido a tendencia a evita-la fusión dos 2 elementos do ditongo, exercéndose principalmente no falar popular das zonas ameazadas pola aproximación dunha corrente monotongadora. Por iso a rexión en que parece rexistrarse o dominio de [oj], ou, polo menos, onde é máis abundante, é o centro de Portugal, a zona de Entre Douro e Tejo.

¹⁷ Hoxe documéntanse as formas *trouxen*, *trouxe*, *truxen*, *traxen*, *traixen*, *trouguen*, *trougue*, *truguen*, *troien*, *truien*, *truen*, *trin*, así como *troixen*, *troiguen* e *troigue* para a 1ª persoa; *trouxo*, *truxo*, *traxo*, *traixo*, *trougo*, *trugo*, *troio*, *truío*, *truo*, *traeu*, así como *troixo* e *troigo* para a 3ª (ALGa, mapa 386, cf. 387).

Yebrá, 1961, p. 54; Fernández González, 1978, pp. 26, 35, 43; 1981, pp. 29-30; ALGa, mapas 221, 245, 283, 361).

Estes casos illados ou limitados a unhas cantas palabras non implican que "está bastante generalizada, sob o punto de vista dialectal, a alternância entre *oi* e *ou*" e que "por veces, na mesma região e até na mesma povoação alternam os dois ditongos" (Maia, 1986, p. 561). Esta visión de Maia, 1986, pp. 560-562, non corresponde á realidade e baséase, en parte, nunha indicación arbitraria de Carballo, 1970, p. 59, que fala de "alternancias en caso de diptongo", pondo ó mesmo nivel formas do tipo *aira/eira*, *noite/noute*, etc., coma se fosen propias do "gallego común", cando o normal é que teñamos unicamente as formas propias *eira*, *noite*, etc. e só nalgunha fala oriental pode haber alternancia ou innovación. O feito de que a alternancia *oi/ou* apareza nestes lugares orientais xa podería pór sobreaviso, pois a realidade é que non se trata dunha característica do galego xeral, senón dunha zona de transición que comprende o galego oriental-exterior, o leonés máis occidental (Ancares, Zamora) e o asturiano occidental (cf. Granda, 1960; Catalán, 1956-1957, pp. 88-89, 92; 1989, pp. 50, 54; Rodríguez-Castellano, 1954, pp. 160-162).

Hai palabras cultas que tiñan en latín o ditongo *au* ou que chegaron a telo no paso ó romance por perda dunha consoante intervocálica ou vocalización dunha consoante implosiva. Tamén aquí, coma no caso de *ai* > *ei*, hai xa tendencia na lingua medieval a chegar ó grao máximo de evolución. Así, podemos documentar *autoridade* (desde o séc. XIII) e *outoridade* (en toda a Idade Media e aínda no XVI), *autor* e *outor*, *auténtico* e *outéntico*. Chegamos a atopar casos en hiato: *saudar* e *soudar*, así como *saúde* e *soúde*, *ataúde* e *atoúde*. Caso especial é BAPTIZARE. Na época medieval achamos *batiçar* e *babtizar* (XIII-XIV); *baptizar* (desde o XIV), forma pola que se decidiu o portugués; *bautiçar* (XIII-XIV) e *bautizar* (desde o XIII), forma pola que se decidiu o galego (e coñecida aínda en portugués no séc. XVII). Esta forma leva finalmente a *boutizar*, coñecido xa no séc. XIV e aínda vivo hoxe na fala galega. Paralelamente achamos *baptismo*, *baptista*, *babtismo*, *babtista*, *batismo*, *batista*, *bautismo*, *bautista*, *boutismo* e *boutista* (Lorenzo, 1977, pp. 219-220).

4. Hiato [eo], [ea]. Cando tiñamos en latín Ê, Ī, Œ, o resultado romance foi un *e* pechado, que moitas veces queda en hiato con *o* ou *a* final debido á perda dun *n*, *l* ou *d* intervocálicos, coa particularidade de que a perda do -*n*- leva como consecuencia a nasalización da vocal anterior: CATHĒNA > *cadēa*, CĒNA > *cēa*, VĒNA > *vēa*, FRĒNUM > *frēo*, PLĒNU, -A > *chēo*, *chēa*, SĪNU > *sēo*, CANDĒLA > *candēa*, TĒLA > *tea*, VĒLUM > *veo*, FŒDU > *feo*, CRĒDO > *creo*, CORRĪGIA > *correa*, etc.

Cando procedía de Ê (< Æ primitivo), o resultado romance é un hiato con *e* aberto: CĒLUM > *ceo*. Tamén en VĒNIT > *vēo*.

Por outra banda, no paso do latín ó romance témo-la formación do ditongo [ew] nas formas verbais do tipo *defendeu*, *meteu*, etc. ou en substantivos do tipo JUDEU > *judeu*. O latín MÉU tamén pechou un grao e desenvocou en *meu*.

Lembremos que na lingua primitiva a tendencia non levaba á formación dun ditongo, senón dun hiato e por iso moitas formas verbais que remataban en ditongo presentaban a tendencia a substituí-lo -u por -o, seguindo a norma usual do idioma de facer acaba-las palabras en -o. Así, ó lado das formas usuais do tipo *sayu*, *seyu*, *veeu*, *caeu*, *partiu*, *cobriu*, etc., achamos con relativa frecuencia as grafías *sayo*, *seyo*, *veeo*, *caeo*, *partio*, *cobrio*, etc. Por outra banda, hai unha enorme tendencia á redución cando unha forma verbal vai seguida dun pronome, como en *negouo* > *negoo*, *comeuo* > *comeo*, *cobriuo* > *cobrio*, *achoua* > *achoa*, etc., fenómeno que aínda continúa vivo no galego oriental e no S. de Pontevedra, onde non se impuxo posteriormente a forma típica galega con epéntese do -n-, do tipo *negouno*, *comeuna* (cf. *ALGa*, mapa 8). Esta tendencia para hiato na grafía continuou nos textos clásicos portugueses (*morreo*, *viveo*, etc.) e desapareceu ó longo do séc. XVII (Révah, 1958, p. 389). No galego oriental, no SO e no interior de Pontevedra (Lalín, As Cruces, etc.) e occidente da Coruña (de Malpica a Camariñas) continúa hoxe viva esta particularidade medieval e temos para os verbos en -er a terminación -o (*colleo*, *vendeo*, *collio*, *vendío*). No occidente da Coruña e en zonas do galego oriental tamén para os verbos en -ir: *partío*, *subío* (Fernández Rei, 1990, pp. 87-88; *ALGa*, mapas 55, 106, 128, 145; 402, 413; cf. 225; Muñiz, 1978, p. 299).

Polo tanto, na época máis primitiva o sistema común a Galicia e a Portugal presenta tres resultados: [ɛw], [ew] e [eo] (Williams, 1962, 1975, § 48.2.A). Despois houbo unha clara separación entre as dúas comunidades, debido á grande innovación do portugués, pois o galego presenta hoxe un resultado moi próximo ó que tiña na Idade Media, coa única particularidade da desnasalización da vocal, fenómeno que tamén se deu en portugués e que se orixinou ó longo do período medieval. O estado actual do galego é: hiato con vocal aberta [eo] en *ceo*; hiato con vocal pechada [ea], [eo] en *cadea*, *cea*, *vea*, *feo*, *cheo*, *chea*, *veo*, *candea*, *idea*, *creo*, *freo*, *reo*, *receo*, etc.; ditongo [ew] en *eu*, *meu*, *teu*, *seu*, *defendeu*, *bebeu*, *xudeu*, etc.¹⁸

¹⁸ Citan a pronuncia con [ɛw], de maneira imprecisa, Couceiro, 1976, en Feás e Porto Dapena, 1977, lámina 15, na comarca ferrolana. Habería que facer un estudio exclusivo destas formas para comprobalo. No *ALGa* tamén se citan formas con ditongo aberto nalgúns lugares da xeografía galega, pódose nalgúns casos tendencia a abrir (mapas 55, 128), polo que nos poden facer sospeita-las transcricións con [ɛw]. Contra isto está o feito da forma correspondente ó verbo *dar* (que nunha grande parte do galego occidental e en León ten a forma *dou*), pois todo Lugo e Ourense e a parte S. de Pontevedra alternan entre o resultado esperado [ˈdɛw] e a forma co ditongo pechado [ˈdew] ou mesmo [ˈdiw] (*ALGa*, mapa 225).

Tamén se formou un ditongo en *vêo* > *veu*, que se acomoda así ás outras formas verbais con ditongo, mais coa pronuncia aberta [ˈbew]¹⁹. O hiato [io] rexistrámolo nas formas do tipo RĪVU > *ri*o, RĪDO > *ri*o, FĪLUM > *fi*o, fronte á formación dun ditongo [iw] nas formas verbais do tipo *mediu*, *saiu*, *pediu*, *el riu*²⁰, etc.

Tendo en conta isto, non podemos admiti-lo que di C. Maia, 1986, p. 595, que cita *çenteo* e *çenteo* nun documento de Lugo de 1500, "o que prova certamente a flutuación fonética entre os dous tipos de formas que já então se verificava não só na linguagem do notário do texto, mas na linguagem falada da região, ou até mesmo de toda a Galiza. Aliás, ainda hoje no galego falado tem carácter facultativo o desenvolvemento da semivogal *i* anti-hiática nas terminacións *-ea*, *-eo*". Baséase fundamentalmente nunha información imprecisa de Pilar Vázquez Cuesta, 1971, I, pp. 108-109, que dá como propia do galego a colocación dunha vocal en *a miña ialma*, *a iépoca*, *aioutra*, *daios*, *aldeia*, *reial* ou *soio*, cousa que non é certa, pois atribúe ó galego xeral o que é específico dalgunhas zonas dialectais.

En galego o sistema á portuguesa só se coñece dialectalmente na zona do Bolo. Fóra desta zona, o aparecemento moderno dunha vocal antihática só se dá nalgunhas falas dialectais. Nelas, sempre que quedan dúas vocais en contacto, ben estean na mesma palabra en hiato, ben en fonética sintáctica, colócase un *-i-*. Como se pode comprender, nestas zonas ultrapásase totalmente o sistema portugués, porque ten carácter xeral: tanto aparece en *cheio* ou *cadeia* coma en *ceio*, *a iauga*, *a ialma*, *faraia*, *levoio*, *moier*, *moiede*, *deia*, *deiamos*, etc. (cf. ALGa, mapas 115-117, 230-231).

En portugués chegou un momento en que non se tolerou o hiato *-eo/-ea* e comezou unha alteración do sistema primitivo. Isto vai unido ó peche da vocal final, pois nun momento determinado a vocal final [ɔ] converteuse en [u], desfacéndose desta maneira o hiato primitivo e formándose un ditongo. Esta posibilidade adoptouna o portugués en *ceo* > *céu* e en *veo* > *véu*, así como en *européu*, *pigmeu*, *ateu*, etc., aínda que a grafía tradicional ata o século XX seguiu sendo *ceo*, *veo*, *européo*, etc.²¹. A pronuncia con ditongo é a que lle corresponde tamén a [ˈfiw] ou [ˈriw] modernamente. Xunto a esta solución, a outra posibilidade, que resultou máis usual, foi a intercalación dunha vocal antihática,

¹⁹ Nalgún punto pode chegar a [ˈbeo] e noutros a [ˈbew] ou [ˈbeo] e [ˈbiw] (ALGa, mapa 413). No caso da forma do verbo *ver*, é maioritario [ˈbiw] (e nalgúns lugares [ˈbio]), mais existe unha ampla zona que ten a forma [ˈbew], nalgúns lugares coa variante [ˈbew] (ALGa, mapa 402).

²⁰ Para *eu rí*o so se encontra a pronuncia [ˈriw] en puntos illados de Lugo e Asturias; en contrapartida *el riu* aparece como [ˈrio] na zona extremo occidental da Coruña (ALGa, mapa 175).

²¹ Os primeiros dicionarios do séc. XIX ou ben rexistran só as formas *ceo*, *veo*, *européo* ou rexistran as dúas grafías dándolle primacía á máis antiga.

o que levou á formación do tritongo [éju] e variantes posteriores. É o que pasou en *cheio, cheia, cadeia, ceia, veia, veio, seio, candeia, ideia, receio, feio, freio, creio, bloqueio, arqueio, europea, ateia*, etc.²²

O comezo da implantación do -i- en portugués é xa medieval, pois no *Livro dos Ofícios* do Infante D. Pedro atopamos escrito *feya* (ed. Piel, Coimbra, 1948, p. 58.5) e Vasconcelos, 1959, p. 156 (cf. pp. 155-158), cita no *Cancioneiro Geral* as formas *creyo, veyo*. No séc. XVI vaise estendendo, aínda que dominan as formas sen -i-. No séc. XVII invértense os termos, pasando a ser maioritaria a forma moderna e reducíndose moito os casos sen vocal, que continúan en uso nos séculos seguintes e aparecen hoxe nalgunhas falas do N. do territorio (Nunes, 1960, pp. 46-47).

BIBLIOGRAFÍA

- ALGa = Instituto da Lingua Galega, *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. I, 1 e 2: *Morfoloxía Verbal*, coordinado e redactado por Francisco Fernández Rei, A Coruña, Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa", 1990.
- Anais do Primeiro Congresso Brasileiro de Língua Falada no Teatro*, Rio de Janeiro, Ministério da Educação e Cultura, 1958.
- Alonso, D. / García Yebra, V., "El gallego-portugués de Ancares y su interés para la dialectología portuguesa", *CuEG* XVI, fasc. 48, 1961, pp. 43-79.
- Boléo, Manuel de Paiva, "Dialectología e História da Língua. Issoglossas Portuguesas", *BF* XII, 1951, pp. 1-44 (recollido en *Estudos de Linguística Portuguesa e Românica*. Vol. I: *Dialectologia e História da Língua*. Tomo I, Coimbra, Acta Universitatis Conimbricensis, 1974, pp. 185-250).
- Boléo, Manuel de Paiva / Silva, Maria Helena Santos, "O «Mapa dos dialectos e falares de Portugal Continental»", *BF* XX, 1961, fasc. 1-2 (*Actas do IX Congresso Internacional de Linguística Românica. 31 de Março-4 de Abril 1959*, III), Lisboa, 1962, pp. 85-112.
- Carballo Calero, Ricardo, *Gramática elemental del gallego común*, 3ª ed., Vigo, Galaxia, 1970.
- Catalán, Diego, "El asturiano occidental. Examen sincrónico y explicación diacrónica de sus fronteras fonológicas", *Rom. Phil.* X, 1956-1957, pp. 71-92; XI, 1957-1958, pp. 120-158 (recollido en *Las lenguas circunvecinas del castellano*, Madrid, Paraninfo, 1989, pp. 30-99).
- Cintra, "Os ditongos descrecentes *ou* e *ei*: esquema de um estudo sincrónico e diacrónico", en *Anais*, pp. 115-134 (recollido en *Estudos*, pp. 35-54).
- "Alguns estudos de fonética com base no Atlas Linguístico da Península Ibérica", en *Anais*, 1958, pp. 186-195 (recollido en *Estudos*, pp. 21-34).

²² Non foi necesario isto nos cultismos do tipo *pétreo* ou *aérea*, porque nas palabras desta clase aparecen os ditongos [ew] ou [ja].

- "Nova proposta de classificação dos dialectos galego-portugueses", *BF* XXII (1964-1971), 1971, pp. 81-116 (recollido en *Estudos*, pp. 117-163).
- *Estudos de Dialectologia Portuguesa*, Lisboa, Sá da Costa Editora, 1983.
- Couceiro, José Luis, *El habla de Feás*, Universidad de Santiago, anejo 5 de *Verba*, 1976.
- Enríquez, María del Carmen, "Fonética y fonología del gallego de O Grove", *Verba* 3, 1976, pp. 128-160.
- Fernández González, J. R., *Etnografía del Valle de Ancares. Estudio lingüístico según el método "Palabras y cosas"*, Santiago, Anejo 10 de *Verba*, 1978.
- *El habla de Ancares (León). Estudio fonético, morfosintáctico y léxico*, Oviedo, Universidad, 1981.
- Fernández Rei, Francisco, *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1990.
- García García, *El habla de El Franco (una variante lingüística del Occidente de Asturias)*, Mieres del Camino, Instituto «Bernaldo de Quirós», 1983.
- Granda Gutiérrez, Germán de, "Los diptongos descendentes en el dominio románico leonés", en *Trabajos sobre el dominio románico leonés III*, Madrid, Gredos, 1960.
- Houaiss, A., "Tentativa de descrição do sistema vocálico do português culto na área dita carioca", en *Anais*, 1958, pp. 217-317.
- Lorenzo, Ramón, *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario. Vol. I: *Introducción, texto anotado e índice onomástico*, Orense, Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo", 1975.
- Lorenzo, Ramón, *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario. Vol. II: *Glosario*, Orense, Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo", 1977.
- *Sobre cronología do vocabulário Galego-Português (Anotações ao 'Dicionário etimológico' de José Pedro Machado)*, Vigo, Editorial Galaxia, 1968.
- Machado, José Pedro, *Dicionário etimológico da língua portuguesa*, 5 vols., 3ª ed., Lisboa, Livros Horizonte, 1977.
- Maia, Clarinda de Azevedo, *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)*, Coimbra, INIC, 1986.
- Moffat, Lucius-Gaston, "Considerations on the interchange of -ou-, -oi- in Portuguese", in *Mediaeval Studies in Honor of Jeremiah D. M. Ford*, Harvard, University Press, 1948, pp. 161-173.
- Muñiz, Celso, *El habla del Valledor - Estudio descriptivo del gallego asturiano de Allande (Asturias-España)*, Amsterdam, Academische Pers, 1978.
- Neto, Serafim da Silva, *Introdução ao estudo da Língua Portuguesa no Brasil*, 2ª ed., Rio de Janeiro, Ministério da Educação e Cultura, Instituto Nacional do Livro, 1963.
- Nunes, José Joaquim, *Compêndio de gramática histórica portuguesa (fonética e morfologia)*, 6ª ed., Lisboa, Livraria Clássica Editora, 1960.

- Otero, Aníbal, *Vocabulario de San Jorge de Piquín*, Universidad de Santiago de Compostela, anejo 8 de *Verba*, 1977.
- Porto Dapena, J. Álvaro, *El gallego hablado en la comarca ferrolana*, Universidad de Santiago de Compostela, anejo 9 de *Verba*, 1977.
- Révah, I. S., "L'évolution de la prononciation au Portugal et au Brésil du XVI^e siècle à nos jours", en *Anais*, 1958, pp. 387-399.
- Rodríguez-Castellano, L., *Aspectos del bable occidental*, Oviedo, Diputación de Asturias, Instituto de Estudios Asturianos, 1954.
- Santamarina, A., *El verbo gallego*, Universidad de Santiago de Compostela, anejo 4 de *Verba*, 1974.
- "Testos e noticia da fala de Negueira (Lugo)", *Verba* 2, 1975, pp. 307-323.
- Silva, Maria Helena Santos, "Características fonéticas do falar minhoto", *BF* XX, 1961 [1962], pp. 309-321.
- Sletsjõe, Leif, "Dos fenómenos lingüísticos en la obra dramática de Gil Vicente. (Diptongo *oi* por *ou*; desinencia verbal *-ade*)", *Rom. Jahrb.* XVII, 1966, pp. 301-322.
- Taboada Cid, M., *El habla del Valle de Verín*, Universidad de Santiago de Compostela, anejo 15 de *Verba*, 1979.
- Teyssier, Paul, *La langue de Gil Vicente*, Paris, Klincksieck, 1959.
- Vasconcelos, José Leite de, *Esquisse d'une Dialectologie Portugaise*, Paris-Lisboa, Aillaud, 1901; Lisboa, INIC-CLUL, 1987.
- *Lições de Filologia Portuguesa*, 3^a ed., Rio de Janeiro, Livros de Portugal, 1959.
- Vázquez Cuesta, Pilar / Mendes da Luz, Maria Albertina, *Gramática portuguesa*, 3^a ed., Madrid, Gredos, 1971.
- Veiga, Amable, *Algunas calas en los orígenes del gallego*, Vigo, Galaxia, 1983.
- Williams, Edwin B., *From Latin to Portuguese. Historical Phonology and Morphology of the Portuguese Language*, 2^a ed., Philadelphia, University of Pennsylvania Press, 1962 (*Do latim ao português*, 3^a ed., Rio de Janeiro, Tempo Brasileiro, 1975).
- Zamora Vicente "Los grupos *uit, oit* en gallego moderno. Su repartición geográfica", *BF* XXI, 1962-1963, pp. 57-68 (recollido en *Estudios de dialectología Hispánica*, Universidade de Santiago, anexo 25 de *Verba*, 1986, pp. 35-44).